- > A formación propia do Colexio de Arquitectos debe ser unha formación **especializada nas materias que forman parte do ámbito competencial directo dos arquitectos**, e debe estar **orientada, deseñada e dirixida, de forma particularizada** (tanto en contidos coma en formato), **a dar cobertura ás necesidades dos arquitectos de Galicia**. Por este motivo
- > Por este motivo, **descártanse os cursos de contido “xeralista” e estandarizado**, e desenvólvense temáticas deseñadas especificamente para dar resposta ás particularidades do noso colectivo.
- > **Priorízanse os enfoques prácticos** das accións formativas, de forma que o **aproveitamento da adicación presencial por parte dos alumnos sexa máximo**, complementándose, cando é necesario, a carga teórica co apoio da plataforma de formación on line.
- > Complementase o desenvolvemento dos cursos poñendo a disposición dos alumnos na plataforma de formación on-line actividades (de carácter voluntario ou non, en función do curso) tales como tests de autoavaliación, exercicios prácticos, que, tutelados polos profesores, axuden a fixar os conceptos básicos, a resolver as dúbidas e a ter un marco onde aplicar os coñecementos adquiridos.

2. OBXECTIVOS DE DESEÑO E DE MODALIDADE DAS ACCIÓS FORMATIVAS

Os perfís dos alumnos que utilizan o servizo de formación do COAG e moi diverso, non só en intereses temáticos, senón tamén en idades, dispoñibilidade de tempo, dispoñibilidade económica, idades, circunstancias persoais e profesionais.

Por iso, e tras analizar os datos das enquisas respostadas por eles e os extraídos dos participantes nos diferentes cursos propios, e co obxecto de que todos os colexiados interesados en formarse en diferentes aspectos podan acceder a formación que lles resulte compaxinable coas súas circunstancias, o COAG desenvolve, de maneira simultánea, **dúas liñas formativas**:

2.1. Cursos de actualización profesional.

Cursos de duración breve (inferior a 30 horas) sobre materias concretas e acoutadas. Dirixidos fundamentalmente a cubrir as necesidades dos colexiados que teñen interese en manter actualizados os seus coñecementos pero contan cunha dispoñibilidade de tempo ou de medios limitada. Tendo en conta o perfil dos destinatarios principais, este tipo de cursos convócanse nun número de edicións proporcional á demanda xerada, e en diferentes ubicacións, co obxectivo de facelas o máis accesibles posibles ao máximo número de colexiados.

2.2. Cursos de especialización

Cursos destinados a cubrir a demanda de formación ampla e especializada. O número de colexiados que demandan este tipo de formación é, en global, inferior ao número de colexiados que demandan cursos de actualización, xa que supoñen unha inversión económica e de tempo moito mais elevada. Por este motivo, ábrese aos alumnos nunha edición única (salvo casos moi excepcionais de demandas extraordinarias sobre temas de actualidade, como foi o caso da entrada en vigor da nova Lei do Solo de Galicia).

Cursos de duración superior a 30 horas (e ata 400), nos que se desenvolven en profundidade materias relacionadas con diferentes ámbitos. Contan, na maior parte dos casos, con recoñecemento e valoración por parte de organismos oficiais (EGAP, por exemplo).

3. OBXECTIVOS ECONÓMICOS

No deseño das actividades formativas dáse cumprimento a unha dobre esixencia económica:

- 3.1. Que, en aplicación do disposto na Lei 25/2009, as actividades formativas **sexan sostibles mediante os ingresos obtidos das matrículas dos alumnos**.



3.2. Que os prezos de matrícula estean nun rango considerado “razoable” polos colexiados, de forma que sexan accesibles, sen que por iso se perda a atención personalizada e particularizada aos alumnos.

2 | ACCIÓNS FORMATIVAS DESENVOLVIDAS EN 2018

2.1. Cursos de actualización profesional:

Durante o ano 2018, no deseño das actividades formativas de actualización profesional, desenvóléronse e potenciáronse as seguintes liñas temáticas:

Itinerario formativo 1: Cursos de actualización en normativa	An	Cursos de actualización en normativa
Itinerario formativo 2: Tecnoloxía da construción	Cn	
Itinerario formativo 3: Práctica profesional	PPn	Inclúe diferentes materias relacionadas coa práctica da profesión en diversos ámbitos

ITINERARIO FORMATIVO 1: ACTUALIZACIÓN EN NORMATIVA. CURSOS E NÚMERO DE ALUMNOS

- 1. Radón. Nueva Directiva 2013/59/EURATOM.**
Duración: 7 horas. Número de alumnos: 39
> Santiago de Compostela, 26 de xaneiro.
- 2. Acústica na Arquitectura. DB-HR e outras normativas.**
Duración: 14 horas. Número de alumnos: 42
> Pontevedra, 1 y 2 de marzo
> A Coruña, 5 y 6 de abril
- 3. As licenzas, as comunicacións previas e outras autorizacións administrativas**
Duración: 12 horas. Número de alumnos: 40
> Ferrol, 12 e 13 de xuño
> Ourense, 18 e 20 de xuño
> Vigo, 15 e 16 de outubro
- 4. Aspectos prácticos de la Ley 9/2017 de contratos do sector público e a súa incidencia no exercicio profesional do arquitecto.**
Duración: 8 horas. Número de alumnos: 11
> A Coruña, 28 de setembro
- 5. Normas de Habitabilidade en Vivendas en Galicia. As NHV e a Rehabilitación.**
Duración: 7 horas. Número de alumnos: 29
> Ferrol, 7 de decembro
> Vigo, 21 de decembro

ITINERARIO FORMATIVO 2: TECNOLOXÍA DA CONSTRUCCIÓN

- 1. Taller para a formación en edificación sostible.**
Duración: 14 horas. Número de alumnos: 18
> Vigo, do 18 ao 28 de xuño
> A Coruña, 22 e 23 de novembro



2. Criterios prácticos de aforro enerxético e económico na edificación e a súa aplicación construtiva.

Duración: 18 horas. Número de alumnos: 18

› Ourense, do 13 ao 27 de xuño

ITINERARIO FORMATIVO 3: PRÁCTICA PROFESIONAL

1. Curso de práctica profesional.

Este curso parte de una iniciativa de Marta Vilas, colegiada 1752, del año 2013. En ese momento, diversas circunstancias hicieron que no fuese posible su materialización. En este año, se retoma la iniciativa y el trabajo aportado en su momento.

Duración: 20 horas. Número de alumnos: 134

- › Vigo, do 27 de febreiro ao 7 de marzo.
- › A Coruña, do 13 ao 21 de marzo.
- › Lugo, do 3 ao 11 de abril.
- › Ourense, do 17 ao 25 de abril.
- › Pontevedra, do 29 de outubro ao 7 de novembro.

2. Maquetación con Adobe In Design.

Duración: 16 horas. Número de alumnos: 8

- › Lugo, do 21 ao 2 de setembro

3. Contratos privados, código deontolóxico, propiedade intelectual e protección de datos: aplicación no exercicio profesional do arquitecto.

Duración: 8 horas. Número de alumnos: 10

- › Santiago de Compostela, 29 de outubro

4. Curso- taller de produtividade para arquitectos.

Duración: 8 horas. Número de alumnos: 17

- › Santiago de Compostela, 16 e 17 de novembro

2.2. Cursos de especialización

2.2.1. Urbanismo e ordenación do territorio

No ano 2018 COAG continuou a desenvolverse o **Curso Superior de Técnico de Urbanismo 2017-2018**, no marco do convenio de colaboración suscrito coa EGAP, convocado en 2017, e que finalizou en decembro de 2018.

Número de horas: 350. Total alumnos matriculados: 27¹

- › Santiago de Compostela, de outubro de 2017 a decembro de 2018.

Dentro do itinerario formativo en urbanismo e ordenación do territorio no que se enmarca este curso, convocáronse para matrícula independente dous dos seus módulos optativos:

1. Novo procedemento administrativo e contratación pública no ámbito do urbanismo

Duración: 32 horas. Número de alumnos: 31

- › Santiago de Compostela, do 4 ao 25 de outubro

2. Renovación urbana e rexeneración urbanística

Duración: 32 horas. Número de alumnos: 35

- › Santiago de Compostela, do 10 ao 31 de outubro

¹ Os datos correspondentes a este curso non se inclúen no cómputo final de cursos, número de alumnos, horas cursadas e horas ofertadas, por terse convocado en 2017 e incluído no cómputo do ano da convocatoria.



2.2.2. Metodoloxía BIM para arquitectos.

Organizado no marco do convenio subscrito entre o Ministerio de Fomento e o CSCAE para o desenvolvemento de actividades dirixidas a facilitar a formación e coñecementos prácticos en materia de metodoloxía BIM aplicada á contratación e licitación de obra pública.

Dende o COAG, organízase e coordínase este curso que se celebra conxuntamente cos COAs de Asturias, Cantabria, País Vasco, La Rioja, Aragón, Castilla y León Este, León, Ceuta e Melilla.

Duración: 45 horas. Do 10 ao 21 de decembro.

Número de alumnos (edicións Galicia): 195 | Número de alumnos (total): 539²

Modalidade: semipresencial

Lugar de celebración das sesións presenciais (Galicia)

Santiago de Compostela, 10 e 11 de decembro

3 | RESUMO DE DATOS 2018

- > Número total de cursos celebrados: 25
- > Número total de alumnos: 611
- > Número total de horas ofertadas: 428
- > Número total de horas cursadas: 15.271

CONVENIOS CON ENTIDADES DE FORMACIÓN EXTERNA:

Aínda que o Colexio velou pola formación dos seus colexiados a través do deseño e impartición de accións formativas encamiñadas a mellorar a súa capacitación nas diferentes áreas da edificación e o urbanismo, preténdese incrementar o campo de actuación dos colexiados no ámbito das ferramentas informáticas e outras habilidades que, sendo transversais a outras disciplinas, complementan o ámbito competencial directo dos arquitectos, contribúen a mellorar a súa empleabilidade de cara a desenvolver a súa actividade en estudos e empresas.

Os convenios con entidades de formación externa teñen por obxecto, por tanto, facilitar aos colexiados poidan complementar a súa formación con aqueles contidos que, aínda que por non se inclúen dentro do plan de formación do COAG por facer referencia a materias que non son específicas do noso ámbito competencial, si se entende que resultan de interese para os colexiados por mellorar a súa capacitación profesional.

En 2018, mantívose o marco regulador común que unifica as porcentaxes de desconto mínimos que deben aplicarse aos colexiados do COAG sobre os importes de matrícula ordinarios correspondentes a cada unha das accións formativas.

Nas condicións establecidas no convenio marco, se ofreceron 30 accións formativas coas seguintes entidades:

- Imasgal
- Noa Innova
- Geasig
- Editeca
- Escuela Europea de Líderes

XORNADAS TÉCNICAS:

Sesións informativas levadas a cabo por empresas especializadas do sector. Aínda que teñen unha finalidade comercial, as xornadas técnicas organizadas no COAG impártense sempre dende un formato docente, no que a presentación dos produtos se fundamenta nun contido técnico relacionado con esixencias xerais da normativa da edificación e impartidas por técnicos competentes.

² Os datos correspondentes ás edicións deste curso celebradas noutros COAs (539) inclúense só a efectos informativos, pero non se inclúen no cómputo final de cursos, número de alumnos, horas cursadas e horas ofertadas.



Durante 2018, no COAG celebráronse un total de 41 xornadas técnicas ás que asistiron máis de 800 persoas, a cargo das seguintes empresas:

- Gas Natural
- Puma - HeidelbergCement Hispania
- Liftech
- Siber
- Asoven PVC
- Extruplas
- Infoedita
- Dekra
- Bio Economic
- Atlantic Ibérica
- Vaillant
- Grupo Evetson
- Wolf Ibérica
- Keim
- Baxi

ÁMBITO DE CULTURA

PROXECTOTERRA

Ao longo do ano 2018, as actividades do ProxectoTERRA concretáronse nas seguintes accións:

1.- Mantemento da oferta de actividades complementarias para a Educación Secundaria.

- Desenvolvéronse 54 actividades cunha participación de 2430 escolares de ESO. Recordar que os materiais do ProxectoTERRA para Educación Secundaria están presentes no 100% dos centros públicos de Galicia e no 70% dos concertados e que xa teñen participado nas nosas actividades complementarias (1005) uns 50.000 escolares da ESO.

2.- Mantemento de relacións institucionais na procura de colaboración no desenvolvemento das nosas actividades:

- Asinouse un novo convenio co Concello de Ferrol, a través da concellería de Urbanismo, para a súa colaboración na organización da visita guiada á cidade de Ferrol, integrada no ProxectoTERRA. Este convenio supuxo a asunción por parte do Concello do custo da barca para o paseo pola ría e visita ao Castelo de San Felipe.

3.- Mantívose a integración do ProxectoTERRA no Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coa participación de 2350 alumnos/as pertencentes a 38 centros escolares de Primaria e Secundaria.

4.- Sinatura o 2 de abril de 2018 dun novo convenio coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o mantemento do ProxectoTERRA así como para a súa colaboración na organización de LUDANTIA. Esta colaboración permitiu incorporar a ExpoActiva dentro do programa de exposicións previstas no Pazo da Cultura de Pontevedra. Este novo convenio ten vixencia ata finais de 2019, cunha aportación por parte da CMAOT de 180.000 € no ano 2018 e de 120.000 € no 2019. Este novo convenio de colaboración incorpora á APLU como organismo financiador do ProxectoTERRA.

5.- LUDANTIA. *I Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para a Infancia e a Mocidade:*

- Especial relevancia tivo neste ano 2018 a organización de LUDANTIA por parte do COAG, a través do equipo do ProxectoTERRA, iniciada no 2017 e que xa desenvolveu actividades con anterioridade dacordo ao recollido na correspondente memoria.
- Mantiveronse constantes contactos co Concello e o Pazo da Cultura de Pontevedra, necesarios para a execución dos traballos que permitiran a elaboración de todos os contidos previstos.



- Os días 10, 11 e 12 de Maio celebráronse no Pazo da Cultura de Pontevedra os encontros correspondentes a LUDANTIA coa participación dunhas 175 persoas procedentes de 18 nacionalidades. Toda a documentación elaborada así como as grabacións de todas as sesións están dispoñibles a través da web de LUDANTIA <https://ludantia.wixsite.com/bienal-internacional> e o PDF interactivo que se pode descargar a través deste enlace http://proxectoterra.coag.es/wp-content/uploads/2018/05/PT_Web-GAL.pdf
- Con anterioridade aos encontros en Pontevedra, no espazo público das sete cidades realizáronse talleres de arquitectura para a infancia co obxectivo de presentar LUDANTIA en toda Galicia.
- Ata o 15 de xuño estiveron abertas ao público e aos centros educativos as catro exposicións integradas en LUDANTIA:
 - Golden CUBES awards da UIA Children
 - Colombia país invitado
 - Proxectos LUDANTIA
 - ExpoActiva.
- Especial acollida tivo a ExpoActiva que levounos a considerar a posibilidade de ampliar a súa vida expositiva, confirmando coa presenza no MUNCYT de A Coruña de Decembro de 2018 a Marzo de 2019, ao tempo que se esta programando a súa itinerancia nacional e internacional coa colaboración da Asociación LUDANTIA ata finais do ano 2020.

6.- Como resultado da vontade de xubilarse por parte do que foi o coordinador do ProxectoTERRA desde os seus inicios no ano 2000, Xosé M Rosales Noves, unha vez informados o Decano e a Xunta de Goberno, neste ano iniciouse o proceso de relevo na coordinación do ProxectoTERRA. Con este obxectivo, en outubro de 2018 asinou un novo convenio de colaboración con Arquitectura Sen Fronteiras de Galicia. Este convenio da continuidade á colaboración iniciada con anterioridade e que fora recollida no convenio asinado o 14 de xuño de 2016.

7.- Este proceso de relevo iniciouse inmediatamente, levándose de xeito continuado e coordinado ata o 31 de xaneiro de 2019, data de xubilación do coordinador Xosé M Rosales Noves. Neste tempo realizouse a oferta das actividades complementarias aos centros educativos de Educación Secundaria, así como a súa adxudicación dacordo ao calendario previsto. Todo este proceso xa foi realizado polo novo equipo de ASF co acompañamento do coordinador saínte.

8.- Co obxectivo de facilitar o acceso a todos os recursos do ProxectoTERRA dispoñibles no almacén de LibrosCOAG en Lugo, organizáronse todos os materiais impresos dispoñibles, procedéndose ao seu reconto, deixándoos agrupados e levantando documentación escrita e gráfica que facilitase a súa localización. Desta documentación entregáronse copias na Delegación de Lugo e ao equipo de ASF.

9.- Con data 31 de xaneiro de 2019 dáse por rematado o proceso de traspaso das responsabilidades de coordinación por parte do coordinador saínte ao equipo de ASF, feito que se comunica en prazo e forma ao Decano do COAG.

O financiamento do ProxectoTERRA realizouse con cargo á correspondente partida orzamentaria do COAG (13.333 €) e a cofinanciación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e da APLU (120.000 €) como resultado do convenio de colaboración plurianual 2018-2019 que garante a continuidade do proxecto e que permite manter a oferta das actividades complementarias previstas -visitas guiadas de arquitectura e cidade e intercambios territoriais- así como a ampliación da oferta á Educación Primaria.

O financiamento de LUDANTIA conseguiu grazas á colaboración do COAG (6.666 €) coa Deputación de Pontevedra (60.000 €), Concello de Pontevedra (60.000 €) e Xunta de Galicia (60.000 €). Ascendeu o orzamento total de LUDANTIA no ano 2018 a cantidade de 186.666 €.



ÁMBITO DE COMUNICACIÓN

Durante o ano 2018, publicáronse un total de 507 novas na páxina web, un 35% máis que no ano 2017 (374).

Realizouse o envío de 47 Circulares, das que 27 corresponden á Secretaría e outras 20 ás distintas Delegacións.

Fixéronse un total de 295 envíos por correo electrónico aos colexiados, entre os envíos xerais e os específicos de cada Delegación.

Realizouse o envío de 50 Boletíns de Información semanal, contendo as novas activas na páxina web, que se remite a todos os colexiados os mércores.

No apartado na páxina web chamado “COAG Actúa”, que recolle as distintas actuacións levadas a cabo polo Colexio en defensa dos intereses da profesión. Durante o ano 2018 leváronse a cabo as seguintes actuacións:

Data	Concepto
08/01/2018	O Concello de Oia estima parcialmente o recurso de reposición presentado polo COAG en impugnación da licitación para contratar a adaptación do PXOM á nova Lei
15/01/2018	Recurso contra a licitación polo Consorcio Zona Franca de Vigo do Concurso para o edificio para servizo a empresas na avenida de Alcalde Portanet en Vigo
20/01/2018	O Colexio de Arquitectos de Galicia gaña o recurso presentado contra a licitación de asistencia técnica urbanística do Concello de Irixoa
29/01/2018	Estimación parcial do recurso contra a convocatoria da Redacción do PXOM do Concello de Cambre
13/02/2018	Desestimación da solicitude de designar representante do Colexio no Concurso de Ideas da praza Bugallal do Concello de Pontearreas
19/02/2018	O concello de Lugo desestima o recurso de reposición interposto polo COAG en impugnación do concurso para adxudicar o “contrato de servizos para a redacción do proxecto de peonalización e humanización da Rúa Quiroga Ballesteros e execución de cuberta”.
20/02/2018	O Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales desestima o recurso especial en materia de contratación interposto polo COAG en impugnación da licitación convocada polo concello de Vigo para a adxudicación do “contrato de servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de gol e marcador, dun aparcamento soterrado e dun proxecto conxunto do Estadio Municipal de Balaídos (Vigo)”
22/02/2018	Consideracións e alegacións ao documento de aprobación inicial do Plan Básico Autonómico de Galicia.
23/02/2018	Resumo da Xornada Técnica sobre o Plan Básico Autonómico
06/03/2018	Manifesto sobre o proxecto de terminal de autobuses na estación intermodal de Ourense
03/04/2018	Reclamación fronte á aprobación da Relación de Postos de Traballo no concello de Ourense
09/04/2018	Impugnación da licitación do Servizo de redacción da Modificación Puntual no ámbito do SSU- R-3 O Piñeiro, do concello de Miño
09/04/2018	Impugnación da licitación do Servizo de redacción do PXOM do concello de Cee
09/04/2018	Impugnación da licitación do Servizo de Asistencia Técnico-Urbanística ao concello de Rábade
12/04/2018	Impuganción das bases da convocatoria de Arquitecto interino do concello de Brión
13/06/2018	Convocatoria de COAG Axuda polo accidente da polvoreira en Tui
09/07/2018	Sinatura dun convenio para a prevención do acoso sexual nos lugares de traballo
11/07/2018	Recurso de reposición fronte á licitación do Concello de Santiago para a adxudicación, polo procedemento aberto simplificado, do contrato de servizos de redacción de proxecto básico e de execución, dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde da reurbanización da Rúa Clara Campoamor.
11/07/2018	Reclamación fronte á aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo do Concello de Monterroso no que respecta ao posto denominado “técnico de urbanismo”.
24/07/2018	O COAG presenta recurso de reposición en impugnación da licitación convocada polo Concello de Moaña para adxudicar o contrato de servizos de redacción do Plan de Mobilidade Urbano Sustentable.



Data	Concepto
10/09/2018	O COAG presentou recurso ante a Deputación de A Coruña pola convocatoria do proceso selectivo para elaborar unha lista de persoal funcionario interino e/ou laboral temporal para postos de técnico de turismo
01/10/2018	Impugnación da licitación da Autoridade Portuaria de Vigo da asistencia técnica para a redacción do proxecto constructivo e dirección de obras de mellora da eficiencia enerxética na Lonxa e no Mercado
02/10/2018	O Concello de Monterroso desestima as alegacións presentadas polo COAG na exposición pública da modificación da Relación de Postos de Traballo en relación ao posto denominado "Técnico de Urbanismo"
15/10/2018	Nota-informe técnico-xurídico elaborado pola asesoría xurídica e a area técnica sobre os supostos de necesaria obtención de licenza e os supostos sometidos ao réxime de comunicación previa/declaración responsable
29/10/2018	O COAG presentou recurso de reposición en impugnación da Resolución da Alcaldía do concello de Boiro de 1 de outubro de 2018 mediante a que se designaba o tribunal calificador do proceso selectivo para a provisión dunha praza de arquitecto interino e creación dunha bolsa de emprego, no entendemento de que a súa composición non acomodaba ás prescricións legais
29/10/2018	O COAG presenta RECURSO DE REPOSICIÓN en impugnación do Acordo do Pleno de Monterroso mediante o que se desestiman as alegacións presentadas polo Colexio fronte á aprobación inicial da RPT polas condicións do posto de técnico de urbanismo e se aproba definitivamente a RPT
31/10/2018	A Deputación Provincial da Coruña desestima o recurso que o COAG interpuxo contra a convocatoria do proceso selectivo para elaborar unha lista de persoal funcionario interino e/ou laboral temporal para postos de técnico de turismo
09/11/2018	O COAG presentou, no Ministerio de Fomento, alegacións ao estudo informativo do proxecto de nova estación intermodal de Ourense, aprobado provisoriamente, no trámite de exposición pública do mesmo anunciado polo Ministerio no BOE de 29 de setembro
29/11/2018	O COAG presenta recurso de reposición en impugnación da licitación convocada polo Concello de Tomiño para adjudicar o contrato de servizos de redacción do Plan de Mobilidade Urbano Sustentable
03/12/2018	Alegacións do COAG ao Anteprojecto de Lei de Ordenación do Territorio de Galicia
10/12/2018	O COAG presenta unhas alegacións á licitación da dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra de construción do Auditorio e Escola de Música de O Grove.
21/12/2018	O COAG presenta Recurso en impugnación da licitación do servizo para a redacción do proxecto de terminal de autobuses integrada na estación intermodal da Coruña-San Cristovo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
21/12/2018	O COAG impugna a licitación pola Deputación da Coruña da licitación para a contratación do servizo consistente na redacción do proxecto de ampliación do IES Puga y Ramón da Coruña.

No que fai ás redes sociais, a actividade levada a cabo foi a seguinte:

1. Facebook

3.288 fans, un 9,49% máis.
805 post
1.032.498 impresións (veces que se ve).
717.536 persoas viron publicacións
Alcance semanal sobre 14.000 persoas.

2. Twitter

A 3ª máis vista dos COAs de España, tras Madrid e Cataluña
5.533 seguidores, un 10,64% máis.
1.613 Tuits
1.310.500 impresións (veces que se ve).
21.482 visitas

3. Instagram (desde xullo de 2018).

1400 seguidores
11 post cada semana de media, 2 en días laborais e 1 en fin de semana.
7.000 impresións por semana.



COMISIÓN DE URBANISMO, TERRITORIO, ADMINISTRACIÓN LOCAL E FUNCIÓN PÚBLICA

Composición:

Vogal responsable de Xunta de Goberno: Elvira Carregado Pazos

Responsable de apoio do COAG : Cristina López Eimil, arquitecta de visado, Área Técnica do COAG.

COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO.

De acordo á Lei 2/2016, artigo 9 e o 13 do Regulamento que determina a composición da CSU, o COAG nomeou como Vogal neste organismo á Vogal de Urbanismo. Durante o 2018 celebráronse dúas sesións:

- **20 DE XULLO DE 2018**, que incluíu o informe do Plan Básico Autonómico, de acordo co establecido no punto 8 do artigo 50 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- **28 de SETEMBRO DE 2018**, que incluíu o Informe do Proxecto integrador Centro Vialía, estación de Vigo e terminal de autobuses (Expte. 02/2017), de acordo co establecido no punto 5 do artigo único da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

PROPOSTA DE ALEGACIÓNS AO PLAN BÁSICO AUTONÓMICO DE GALICIA

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio acorda someter a consulta pública en sede electrónica por un prazo de dous meses o documento inicial estratéxico e o borrador do PLAN BÁSICO AUTONÓMICO, con carácter previo á elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico. Para visualizar a cartografía contida no Plan Básico Autonómico pon a disposición un visor GIS de acceso público.

No mes de setembro de 2017 comezáronse por parte dos servizos técnicos do COAG os traballos de lectura e estudo da extensa documentación que forma parte do Plan Básico Autonómico, redactándose un primeiro borrador de traballo para ser complementado cas aportacións dos colexiados, á espera do trámite de información pública.

En resposta ao trámite de información pública do **Plan Básico Autonómico de Galicia**, segundo o anuncio de 14 de decembro de 2017 da Dirección Xeral de Ordenación de Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia no 242, de 22 de decembro, BOP da Coruña de 4 de xaneiro de 2018, BOP de Lugo de 29 de decembro de 2017, BOP de Ourense de 5 de xaneiro de 2018, e BOP de Pontevedra de 2 de xaneiro de 2018, se achegou á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o texto refundido que recolle as consideracións e alegacións realizadas polos colexiados que quixeron participar das diferentes delegacións colexiais que o COAG ten en Galicia, coordinadas pola representante na Xunta de Goberno colexial da Comisión de Planeamento e Medio Ambiente, en data 22 de febreiro de 2018.

Despois do pormenorizado estudo do documento que integra o Plan Básico Autonómico en exposición ao público, o cal é o instrumento de planeamento urbanístico que ten por obxecto delimitar en Galicia as afeccións derivadas da lexislación sectorial, a identificación xeorreferenciada dos asentamentos de poboación, así como a inclusión dun catálogo do patrimonio cultural dos diferentes concellos de Galicia, se redactou e enviou un extenso e traballado documento explicando as alegacións e suxestións feitas dende o COAG, incluíndo un ofrecemento de colaboración vía convenio, para a actualización e seguimento na aplicación do Plan Básico Autonómico.

PROPOSTA DE ALEGACIÓNS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publica o Anuncio do 1 de outubro de 2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que se somete a información pública o **anteproxecto de Lei de Ordenación do Territorio de Galicia**, DOG de 8 de Outubro de 2018.

En relación ao trámite de audiencia do proxecto, dado por esa Consellería no portal de transparencia da Xunta de Galicia e segundo o seu oficio de 26 de outubro de 2018, relativo ao borrador do "anteproxecto da Lei de Ordenación do Territorio de Galicia", tras ser analizado o mesmo polo servizos técnicos e de asesoramento colexial e polas diferentes comisións de planeamento das sete delegacións colexiais, axuntouse documento de alegacións, recollendo os comentarios e reflexións sobre



os aspectos considerados mais relevantes, como propostas sobre dito anteproxecto. As alegacións foron remitidas á Consellería en data 03 de Decembro de 2018.

DIA DAS ARTES GALEGAS 2018 ADICADO A LEJANDRO DE LA SOTA

Para dar a coñecer a figura de Alejandro de la Sota Martínez á sociedade co gallo da celebración do “Día das Artes Galegas”, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia promoveu **unha exposición na rúa baixo o título “ALEJANDRO DE LA SOTA 1903-1996”**, con fondos documentais cedidos pola fundación Alejandro de la Sota. O Itinerario en Galicia foi PONTEVEDRA, VIGO, OURENSE, LUGO, FERROL, ACORUÑA, SANTIAGO, BUEU, RIBEIRA E VILAGARCIA DE AROUSA. Iniciouse un itinerario por España instalando esta no ximnasio Maravillas coincidindo coa celebración da asemblea anual do CSCAE.

Outra actividade vencellada a esta celebración foi a celebración de charlas en todas as Delegacións.

VIGO “Sota y la Naturaleza” . Manuel Amable Romero

OURENSE “Alejandro de la Sota: A persoa”. Juan de la Sota Rius.

SANTIAGO Conversa de Gallego vs Puente moderada por Quintáns “Lembranzas de Alejandro de la Sota”

PONTEVEDRA Teresa Couceiro “Aprender con Alejandro de la Sota

LUGO Mesa redonda “Alejandro de la Sota, a vixencia do seu legado”. Santiago Barge Ferreiros, Ana Pascual Rubio E Pablo Rodríguez Rodríguez moderados por Nuria Prieto.

FERROL Pedro de Llano “Alejandro de la Sota: O nacemento dunha arquitectura”

A CORUÑA Conversa de Miguel Ángel Baldellou con Victor Olmos moderada por Silvia Blanco

REPRESENTACIÓN E ASISTENCIA A ASAMBLEAS DE UNIÓN DE AGRUPACIONES DE ARQUITECTOS DE LA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Celebráronse dúas neste ano:

- **2/3/2018** con asistencia en streaming, na que se tratou un cambio de estatutos, asuntos de la nueva Lei de Contratos, colexiación de funcionarios, RPTs , proposición de repertorio de exames entre outros.
- **16/11/2018** con asistencia en sede CSAE. Os temas tratados foron, informes sectoriais e licenzas de obras, propostas para a súa axilización, réxime xurídico do fora de ordenación, casos recentes e reais de expedientes de repetición por responsabilidade patrimonial contra arquitectos municipais, grupo de traballo CSCAE-UAAAP para impulsar a creación dun corpo nacional de arquitectos municipais e unha base de datos dos arquitectos das Administracións Públicas de España na web do CSCAE.

REPRESENTACIÓN E ASISTENCIA A ASAMBLEAS DE UNIÓN DE AGRUPACIONES DE ARQUITECTOS DE LA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Celebrouse asemblea anual, coa nosa asistencia, o día 8 de novembro de 2018, na que se trataron entre outros os seguintes asuntos:

- Seguimento e difusión do Documento para a renovación e rexeneración do urbanismo en España.
- Relación coas institucións: Consejo Europeo de Urbanistas, ECTP-CEU. Asociación Española de Técnicos Urbanistas, AETU Consejo Superior de Colegios de Arquitectos de España, CSCAE 5. Traballo en curso: Comisión Agenda Urbana, Ministerio de Fomento / CSCAE.
- Comisión Lei de Contratos do Estado
- Premio de Urbanismo Español 2017. Convocatoria PUE 2019.
- Situación da rede UAAU. Novas incorporacións: Baleares, Huelva, Galicia, Cantabria,...
- Proposta de Cotas da UAAU para agrupacións e Colexios adheridos.
- Eleccións para os cargos de Presidente e Tesoureiro, estado de contas, orzamento 2019, propostas actividades 2019.

ASISTENCIAS A XORNADAS INFORMATIVAS SOBRE LEXISLACIÓN E REDACCIÓN DE INFORMES RESUMO

- 24 de xaneiro de 2018 sobre a lexislación de Patrimonio
- 26 de xaneiro de 2019 sobre o PBA
- 1 de xuño Treitos Urbanos no solo rural
- 28 de xuño Lei de espectáculos
- 5 de setembro presentación PBA



PREMIOS GALICIA PARABÉNS

Xurado dos premios que promove a Axencia Turismo de Galicia. As reunións e deliberación realizáronse durante en xuño.

COORDINACIÓN DOS CURSOS DO CONVENIO COA EGAP

Con esta vocalía e co apoio da responsable de formación do COAG, Rocío Lamas

- Curso Superior de Técnico de Urbanismo 2017-2018. Iniciado en outubro de 2017

XI JORNADAS DE DERECHO ADMINISTRATIVO IBEROAMERICANO

Asistencia e participación en mesa redonda. 21 de marzo de 2018.

XORNADA HAI ARQUITECTAS

O 11 de maio de 2018 celebramos en Santiago de Compostela unha xornada aberta a reflexión, sobre o pasado, presente e futuro das mulleres na arquitectura.

XORNADA NOVOS COLEXIADOS “novos colexiados, novas perspectivas”,

Celebrouse o 18 de outubro de 2018, cunha mesa redonda de presentación na que puideron participar os asistentes e a conferencia de Alberto Veiga .



SERVIZO DE DEONTOLOXÍA E ASUNTOS PROFESIONAIS

PROCEDEMENTOS INFORMATIVOS E SANCIONADORES

Un dos fins esenciais do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é ordenar o exercicio profesional no marco das Leis, velar pola observancia da deontoloxía e das incompatibilidades no exercicio da profesión, así como o respecto debido aos dereitos dos cidadáns.

Concretamente este Colexio profesional está obrigado velar pola Deontoloxía profesional, segundo restablecen e desenvolven as seguintes referencias legais:

- A Lei estatal 2/1974 de 13 de febreiro sobre Colexios profesionais, modificada expresamente pola Lei 25/2009, de 22 de decembro, nolos seus artigos 2, 11 e 12.
- A Lei 11/2010 autonómica de 18 de setembro, modificada pola Lei 1/2010, de 11 de febreiro, nolos seus artigos 10, 10ter, 10 quater, 20 e 26.
- Os Estatutos do Colexio de Arquitectos de Galicia aprobados segundo o Decreto autonómico 105/2016 de 21 de xullo, nos seus artigos 5. c); 6.3. h); 7.3; 16.2.a) e d) e 17.1
- Os Estatutos do CSCAE, aprobados segundo o Real Decreto do Ministerio de Fomento número 129/2018, de 16 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais de os Colexios de Arquitectos e do seu Consello Superior.
- O vixente Código Deontolóxico dos Arquitectos, aprobado pola Asemblea Xeral do Consello Superior o día 20 de novembro de 2015 e que entrou en vigor o 20.11.2016.
- A Guía de procedemento para a tramitación dos expedientes disciplinarios nos Colexios de Arquitectos, aprobada pola Asemblea Xeral de Xuntas de Goberno de 30 de novembro de 2001, con modificacións aprobadas pola Asemblea Xeral Común do Consello Superior de Arquitectos de España de 27 de novembro de 2009.

Para a consecución destes fins o COAG exerce entre outras, funcións de ordenación que eviten o intrusismo profesional, velando pola ética e a dignidade da profesión, tanto nas relacións mutuas entre Arquitectos, como nas destes cos seus clientes, á vez que exerce a potestade disciplinaria sobre os Arquitectos que incumpran os seus deberes colexiais ou profesionais, tanto legais como deontolóxicos.

Así mesmo e en virtude das modificacións legislativas das Leis ómnibus estatal e galega, que regulan a actividade dos Colexios Profesionais en aplicación da Directiva Comunitaria de liberalización do sector servizos, tamén é deber dos Colexios Profesionais resolver as queixas e reclamacións referidas á actividade colexial ou profesional dos seus colexiados, tanto si se presentan por calquera consumidor ou usuario que contrate os servizos profesionais dun arquitecto, como a través de asociacións e organizacións de consumidores e usuarios en representación ou defensa dos intereses destes, instruindo, cando cumpra e por parte dos órganos colexiais competentes, os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios.

Para apoiar e asistir, en maior medida, o labor do Colexio de Arquitectos nestes fins e funcións, a Xunta de Goberno, no seu día, na súa Sesión n.º 4/2012 de 26 de marzo de 2012, considerou oportuno o establecemento e posta en marcha do SERVIZO DE DEONTOLOXÍA COLEXIAL.

Posteriormente e segundo acordo da Xunta de Goberno nº 14/2012 de 5 de novembro de 2012, aprobouse o Regulamento que o ordena.

Segundo ese mesmo acordo, e de acordo o artigo nº 3, o responsable da Xunta de Goberno na área da Comisión Deontoloxía e Asuntos Profesionais, tras as eleccións de 12 de maio de 2015, o servizo organizouse da seguinte forma:

- Responsable: Simón Pereiro López- Quecuty (Vogal)
- Persoal do Colexio de apoio: Alberto Escobar Molinero

Todo iso co apoio da asesoría xurídica colexial.

Tal e como di o apartado 2 do artigo 10 do Texto consolidado da Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais, desde o ano 2012 o COAG na páxina web corporativa colexial, conta cun apartado para este servizo, onde está aloxado o propio Código e o Regulamento do servizo. Ver: <http://portal.coag.es/deontoloxia/>



Ademais segundo establece o artigo 11 do texto consolidado da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais nos seus apartados, c) e d), a continuación achégase:

- Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen firmeza, con indicación da infracción á que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta si é o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Información agregada e estatística relativa as queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, si é o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

INFORMACIÓN ESTADÍSTICA

No ano 2018 este Servizo realizou a actividade que se concreta sucintamente en: (*)

POR EXPEDIENTES INFORMATIVOS (*)

Abríronse 18 novos. Diso s:

1º	De inicio	16
2º	De resolución	16
3º	Acordo Xunta de Goberno	13
4º	Pendente resolución	03
5º	Pendientes Xunta de Goberno ou Directiva	00
6º	Previos (sen continuidade)	02

POR COLEXIADOS AFECTADOS (*)

Foron afectados 23 colexiados. De e los:

CO	Da delegación de Coruña	03
LU	Da delegación de Lugo	02
OU	De la delegación de Ourense	01
PO	De la delegación de Pontevedra	01
VIN	De la delegación de Vigo	12
SA	De la delegación de Santiago	02
FE	De la delegación de Ferrol	02
S/I	Sen identificar polo denunciante	00
Ou/Coas	De outros COA's	00
Ou/Oprof	A Outros profesionais	00

POR TIPO DE SUPUESTA INFRACCIÓN DEONTOLÓGICA (*)

Foron identificadas 31 supostas infraccións. Delas :

II	Nas formas de exercer a profesión polo arquitecto	03
III	Nas obrigacións xerais do arquitecto	14
IV	Nas súas incompatibilidades	02
V	Nas relacións do arquitecto cos seus clientes	10
VIN	Nas relacións do arquitecto con contratistas e industriais	00
VII	Nas relacións do arquitecto con outros profesionais que actúen como conselleiros técnicos ou como colaboradores	00
VIII	Nas relacións entre arquitectos	02
IX	En las relacións do arquitecto con o Colexio	00
X	Outras. Incumprimento colexiación obrigatoria	00
	Outras. Titulación habilitante	00
	Outras. Suposta falsificación	00



POR LOCALIZACIÓN GEOGRÁFICA (*)

Foron identificadas actuacións que se vinculan con 12 municipios galegos. Deles:

CO	De la provincia da Coruña (A Coruña -2-, Ferrol e Ames)	4
LU	De la provincia de Lugo (Pol)	1
OU	De la provincia de Ourense (Maside)	1
PO	De la provincia de Pontevedra (Pontevedra, Mondariz, Vigo-4-, Moaña, Marín, Cotobade, Bueu)	10

POR TIPO DE DEMANDANTE (*)

I	Por persoa xurídica	00
II	Por persoa física	13
III	Por arquitecto Colexiado	02
IV	Por a Administración	00
V	Por Comunidades de propietarios	02
VII	Por a Xunta de Goberno/Directiva do COAG ou por a organización interna	00
VIII	Por outros profesionais	00

(*) Un mesmo expediente pode afectar á vez os diferentes aspectos, polo que o sumario dos diferentes apartados poden non ser concordantes, ou puido haberse iniciado ou rematado en ano anterior ou posterior.

ACORDOS E FIRMEZA

No ano 2018 a Xunta de Goberno Colexial:

- Arquivou xustificadamente, ou se mediou para a súa resolución, en SETE denuncias.
- Abriu CATRO dilixencias previas, TRES delas arquiváronse, e nunha delas nomeouse instrutor, o cal tras a correspondente instrución, acordou o seu arquivo.

INCOMPATIBILIDADES E POSIBLES SITUACIÓNS DE CONFLITO DE INTERESES

Facer constar que de acordo o punto f) do texto consolidado da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais, manifestar que con respecto ás Normas sobre incompatibilidades e posibles situacións de conflito de intereses en que poidan atoparse os membros das Xuntas de Goberno, no ano 2018 non se produciron cuestións de tal índole.

MODIFICACIÓN DOS CÓDIGOS DEONTOLÓXICOS

Facer constar tamén que en o ano 2018, non se produzo ningunha modificación do Código Deontolóxico dos Arquitectos aprobado polo Consello Superior dos Arquitectos de España no ano 2015.




INFORME ANUAL DO SERVIZO DE RECLAMACIÓNS DE COLEXIADOS

Dentro das consultas telemáticas realizadas polos colexiados, están definidas as temáticas ás que se refiren. Realizouse unha análise das mesmas, especificando as reclamacións presentadas no ano 2018, que amosan os seguintes resultados:

Procedemento de visado	17
Xestións externas	16
Documentación colexial	12
Inscripción peritos	8
Custe de tramitación	5
Idioma	5
Problema COAG-Estudio	4
Atención a colexiados	3
Configuración colexiación	2
Problema facturación	2
Inscripción web	2
Total	76

No histórico dos últimos cinco anos, apréciase un descenso do número total de reclamacións:





AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES

En 2018 a Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses do COAG (AAPF) continuou coa súa actividade habitual, tentando proporcionar a todos os colexiados, membros ou non da Agrupación, soporte para o desempeño das funcións como arquitectos dentro do ámbito pericial.

A Xunta Directiva estaba constituída ao comezo do ano polos seguintes integrantes:

D. Carlos Alvira Duplá	Presidente, representante da Delegación de Pontevedra
D. José Antonio Piñeiro Carrera	Tesoureiro, representante da Delegación de Ourense
D. Fernando M. Tabernero Duque	Secretario, representante da Delegación de Santiago Representante da Xunta de Goberno do COAG ⁽¹⁾
D. José Manuel Alonso Velasco	Vogal en representación da Delegación de A Coruña
D. Antonio Rodríguez Domínguez	Vogal en representante da Delegación de Lugo
D. Andrés Touceda Gómez	Vogal en representación da Delegación de Vigo
(2)	Vogal en representación da Delegación de Ferrol
D. César Jiménez López	Vogal con voz pero sen voto (ex presidente)

⁽¹⁾ Como vogal da Xunta de Goberno do COAG, e designado por esta para este fin, exerce tamén como representante da mesma diante da Xunta Directiva da Agrupación

⁽²⁾ Convocadas eleccións en marzo de 2015, tras a dimisión de D. Antonio Casal Fernández como vogal en representación da Delegación de Ferrol, ningún concorreu ás mesmas, polo que o posto permaneceu vacante

En febreiro convocáronse eleccións para cubrir todos os postos da Xunta Directiva. Unha vez rematado o proceso, a partir de maio quedou constituída do seguinte xeito:

D. Carlos Alvira Duplá	Presidente, representante Delegación de Pontevedra
D. José Antonio Piñeiro Carrera	Tesoureiro, representante Delegación de Ourense
D. Fernando M. Tabernero Duque	Secretario, representante Delegación de Santiago Representante da Xunta de Goberno do COAG ⁽¹⁾
D^a. Engracia Balayo Caamaño	Vogal en representación da Delegación de A Coruña
D. Vicente Fernández-Couto Gómez	Vogal en representación da Delegación de Ferrol
D. César Jiménez López	Vogal en representación da Delegación de Vigo
D^a. Patricia López González	Vogal en representante da Delegación de Lugo

⁽¹⁾ Como vogal da Xunta de Goberno do COAG, e designado por esta para este fin, exerce tamén como representante da mesma diante da Xunta Directiva da Agrupación



No exercicio **2018** son membros da Agrupación **196 colexiados**, de acordo coa seguinte distribución:

Delegación de A Coruña	49 membros
Delegación de Lugo	19 membros
Delegación de Ourense	13 membros
Delegación de Pontevedra	32 membros
Delegación de Vigo	51 membros
Delegación de Santiago	23 membros
Delegación de Ferrol	9 membros
TOTAL	196 membros

A Xunta Directiva levou a cabo un total de seis reunións ao longo do ano natural, tres antes da renovación da Xunta Directiva e outras tantas despois. Todas se celebraron na sede do COAG, en Santiago de Compostela e, ademais dos asuntos de trámite, abordáronse os temas previstos nas respectivas ordes do día. De entre eles recóllense a continuación algúns dos acordos adoptados:

- Sesión 1/18 | 12 de febreiro | Santiago de Compostela

Tómase entre outros o acordo de convocar eleccións para renovar todos os postos da Xunta Directiva, ao abeiro do disposto no regulamento da Agrupación, e a seguir se aproba o calendario electoral.

- Sesión 2/18 | 7 de marzo | Santiago de Compostela

Tómase entre outros o acordo de admitir as candidaturas presentadas ata a data.

- Sesión 3/18 | 21 de marzo | Santiago de Compostela

Acórdase proclamar membros electos da Xunta Directiva a todos os candidatos previamente proclamados como tales, posto que en ningunha Delegación se presentou máis que unha candidatura.

- Sesión 4/18 | 4 de maio | Santiago de Compostela

Toman posesión os novos membros da Xunta Directiva, quedando esta constituída tal e como se recolle máis arriba.

- Sesión 5/18 | 25 de xuño | Santiago de Compostela

Reunión monográfica de información e debate, na que non se adoptaron acordos significativos.

- Sesión 6/18 | 20 de decembro | Santiago de Compostela

Unha nova sesión monográfica de información e debate, na que tampouco se adoptaron acordos.

Pola súa banda, o Presidente, D. Carlos Alvira Duplá, na súa calidade de representante da AAPF do COAG ante a Unión de Arquitectos Peritos e Forenses de España (UAPFE), e membro da Xunta Directiva da Unión, asistiu a catro reunións da dita Xunta Directiva, que se celebraron tres en Madrid e unha en Xixón, nas que se debateu e tomaron acordos con respecto a diversos asuntos, entre os que cómpre sinalar:

- Sesión nº 125 | 20 de febreiro | Madrid

Designación como vicepresidente da UAPFE do representante do COA de Madrid na mesma, coa oposición do noso presidente, debido a que non representa aos peritos madrileños, senón á Xunta de Goberno do COAM.

- Sesión nº 126 | 11 de maio | Madrid

Peché da organización das XI Xornadas CGPJ-CSCAE coa decisión respecto á asunción do déficit resultante.



En relación coa tramitación da Lei de Peritos Inmobiliarios, o CSCAE adheriuse á alegación dos colexios de apareladores, con respecto ao que é unha “profesión debidamente acreditada”. Non todos os Colexios están de acordo.

- Sesión nº 127 | 20 de xullo | Xixón

Na tramitación da Lei de Cesión do Crédito Hipotecario foi efectiva a emenda presentada, e se acepta que “profesionais cualificados” poidan facer taxacións, cando no proxecto de Lei só recoñecía as sociedades de taxación. Con respecto á Lei de Peritos Inmobiliarios, o CSCAE solicitou unha entrevista coa Ministra de Xustiza.

En canto ás listas de peritos xudiciais, se crean dous grupos de traballo, un co CGPJ e outro interno da UAPFE, do que forma parte o noso representante, para homoxeneizar a designación de peritos.

- Sesión nº 128 | 14 de decembro | Madrid

O novo representante do CSCAE na Xunta Directiva da UAPFE é D. Rafael Pardo Prefasi, decano do COA de Murcia.

Elaboración dun *libro branco* sobre as listas de peritos arquitectos a disposición de Xulgados e Tribunais, constatada a *sorpresa* do Ministerio de Xustiza polo estado da cuestión.

Comeza a organización das XII Xornadas CGPJ-CSCAE, que se celebrarán en Tarragona.



DELEGACIÓNS



DELEGACIÓN DE A CORUÑA

